




axenda

21

Núcleos de  
Sostibilidade



O Barco  
de Valdeorras  
Núcleo de  
Sostibilidade

# Plan de seguimento



---

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>FICHAS DE INDICADORES.....</b>	<b>5</b>
<b>3</b>	<b>INDICADORES .....</b>	<b>6</b>
3.1	ÁREA DE POBOACIÓN.....	6
3.2	ÁREA DE BENESTAR E CALIDADE DE VIDA.....	10
3.3	ÁREA DE MEDIO ECONÓMICO E LABORAL.....	16
3.4	ÁREA DE ESTRUCTURA URBANA.....	19
3.5	ÁREA DE MOBILIDADE E TRANSPORTE.....	24
3.6	XESTIÓN SOSTIBLE DAS AUTORIDADES E EMPRESAS LOCAIS .....	28
3.7	SOLO.....	33
3.8	AUGA.....	38
3.9	ENERXÍA .....	42
3.10	AIRE.....	44
3.11	RESIDUOS .....	45
3.12	RUIDO .....	51
3.13	SATISFACCIÓN CIDADÁ .....	52

## 1 INTRODUCCIÓN

No marco do proxecto de Núcleos de Sostibilidade promovido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, atópase a implantación da Axenda 21 Local nos municipios. A ferramenta para medir o avance cara a sostibilidade de cada un dos núcleos é un conxunto de indicadores comúns para todos.

Os indicadores constitúen na actualidade unha importante ferramenta de medición das condicións de sostibilidade dun determinado territorio, sendo por tanto, un instrumento moi útil para a avaliación das políticas ambientais, sociais e económicas.

A propiedade fundamental dos indicadores é a capacidade de resumir extensos datos nunha cantidade limitada de información clave e significativa. Así mesmo os indicadores cuantifican a evolución no tempo da situación ambiental, social e económica do municipio, determinando tendencias e permitindo a corrección inmediata dalgún factor determinado se fora necesario.

Xorden coa finalidade de realizar unha avaliación comparativa cos indicadores doutros municipios que teñan implantado o proceso de Axenda 21 Local. Esta práctica permite descubrir puntos fortes e débiles e establecer a evolución e as características dos obxectivos ambientais de cada municipio, cunha maior perspectiva.

Os indicadores que se propoñen neste documento miden, como o seu nome indica, factores que inciden no desenvolvemento sostible do municipio. Este constitúe a base do proceso de implantación das Axendas 21 locais e avoga porque o consumo dos recursos non supere a capacidade da natureza para reemplazalos. Nesta premisa, como xa se explicou anteriormente, están incluídos tanto os factores ambientais como os económicos e sociais.

O problema desta metodoloxía de actuación é a elaboración dun sistema de indicadores adecuado que informe sobre o estado de cada un dos elementos de estudo. Isto ademais vese acentuado en moitos casos pola ausencia de datos e pola necesidade de actualizar e mellorar continuamente os indicadores a utilizar.

Para solventar, en parte, estes problemas considerouse conveniente empregar os Indicadores Comúns Europeos xurdidos dunha iniciativa da U.E., a fin de estandarizar a medición destes parámetros.

Na táboa seguinte inclúense todos os indicadores propostos para o seguimento da Axenda 21 Local dos Núcleos de Sostibilidade; en azul destácanse os europeos:

AREA	INDICADORES
<b>POBLACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Taxa de crecemento poboacional.</li> <li>• Índice de dependencia xuvenil</li> <li>• Índice de envellecemento</li> <li>• Índice de masculinidade</li> </ul>
<b>BIENESTAR Y CALIDAD DE VIDA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Taxa de poboación activa.</li> <li>• Renda per cápita</li> <li>• Poboación con risco de exclusión social.</li> <li>• Porcentaxe poboación inmigrante estranxeira.</li> <li>• Nivel de participación cidadá na Axenda 21</li> <li>• Asociacionismo.</li> </ul>
<b>MEDIO ECONÓMICO Y LABORAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Taxa de paro masculino e feminino</li> <li>• Taxa de actividade produtiva.</li> <li>• Índice de emprego local.</li> </ul>
<b>ESTRUCTURA URBANA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Utilización sostible do solo</b></li> <li>• Superficie de zonas verdes</li> <li>• Índice de habitantes por vivenda</li> <li>• Variación do crecemento urbanístico en relación co incremento poboacional</li> <li>• Accesibilidade social a vivenda</li> </ul>
<b>MOBILIDADE E TRANSPORTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Distribución do parque de vehículos</li> <li>• Taxa de accidentalidade relacionada co tráfico urbano.</li> <li>• <b>Mobilidade local e transporte de pasaxeiros</b></li> <li>• <b>Modos de desprazamentos utilizados polos escolares entre a casa e a escola</b></li> </ul>
<b>XESTIÓN SOSTIBLE DAS AUTORIDADES E EMPRESAS LOCAIS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Gasto municipal en medio ambiente.</li> <li>• Ratio de autonomía financeira dos concellos.</li> <li>• Empresas certificadas baixo os sistemas de xestión ambiental EMAS</li> <li>• Empresas certificadas baixo a NORMA ISO 14000</li> <li>• <b>Empresas certificadas baixo a NORMA ISO 9001:2000</b></li> </ul>
<b>SOLO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Superficie de solos protexidos</li> <li>• Superficie agrícola e gandeira ecolóxica</li> <li>• Superficie agrícola</li> <li>• Superficie forestal</li> <li>• Superficie forestal queimada</li> </ul>
<b>AUGA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Consumo de auga potable da rede de abastecemento</li> <li>• Alcance da rede de abastecemento</li> <li>• Consumo de augas nas dependencias municipais</li> <li>• Xestión de augas residuais</li> </ul>
<b>ENERXÍA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Consumo eléctrico nas dependencias municipais</li> <li>• Electricidade consumida para uso público procedente</li> </ul>

AREA	INDICADORES
	de fontes de enerxía renovable
<b>AIRE</b>	• Índice de Calidade de Aire (ICA)
<b>RESIDUOS SÓLIDOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fracción de materia inorgánica recollida.</li> <li>• Cantidade de vidro recollido.</li> <li>• Cantidade de Papel-Cartón recollidos selectivamente</li> <li>• Cantidade de envases e plásticos recollidos selectivamente.</li> <li>• Cantidade de residuos recollidos no punto limpo.</li> <li>• Usuarios dos puntos limpos</li> </ul>
<b>RUIDO</b>	• Contaminación acústica
<b>SATISFACCIÓN CIDADÁ</b>	• Valoración da calidade de vida nos concellos.

Nos apartados seguintes inclúense os indicadores de sostibilidade calculados para o Núcleo de O Barco de Valdeorras, empregando para elo os últimos datos cos que se contaba. Para que esta metodoloxía sexa útil debe ser actualizada e analizada periodicamente.

## 2 FICHAS DE INDICADORES

A continuación inclúese o modelo de táboa que será empregado para a descrición dos diferentes indicadores de sostibilidade:

ÁREA DE ESTUDO: INDICA A ÁREA NA QUE ESTÁ ENGLOBALADO O INDICADOR	
<b>CÓDIGO:</b> Número do indicador	<b>INDICADOR:</b> NOME DO INDICADOR
<b>Unidade de Medida:</b> unidades nas que se mide o indicador	<b>Periodicidade de Medida:</b> Tempo que transcorre entre unha medida e a seguinte (seguimento e evolución do indicador)
<b>Valor Actual:</b> Último valor do indicador	<b>Tendencia desexable:</b> Aumentar, Diminuír ou Mantense
<b>Descrición:</b> Breve descrición do indicador e da súa xustificación	
<b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b> Breve descrición da expresión matemática a utilizar para o cálculo do indicador	
<b>Fonte:</b> organismo público ou privado, persoa de contacto, bibliografía específica, links a páxinas Web...	
<b>Gráfico:</b> Indicará a evolución temporal do indicador mediante a elaboración de distintos tipos de gráficos (barras, liñas de tendencia...)	

### 3 INDICADORES

#### 3.1 ÁREA DE POBOACIÓN

ÁREA DE ESTUDO: POBOACIÓN							
<b>CÓDIGO:</b> 1.1	<b>INDICADOR:</b> TAXA DE CRECEMENTO POBOACIONAL						
<b>Unidade de Medida:</b> %	<b>Periodicidade de Medida:</b> Anual						
<b>Valor Actual:</b> 0,69 (2007-2008)	<b>Tendencia desexable:</b> Mantemento - Aumento						
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este indicador é moi importante sobre todo en zonas onde se está a producir un acusado abandono do rural. Por tanto medirá se as políticas que se están aplicando para dinamizar o territorio son eficaces a medio prazo. As taxas de crecemento poboacional deben dar valores positivos e sen variacións numéricas importantes para que a evolución demográfica se incremente de forma constante.</p>							
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> <p>Taxa de crecemento poboacional: <math display="block">\Delta P = \frac{P(t) - P(t - 1)}{P(t)} \times 100</math></p> <p>Onde:  <i>P</i>: Poboación  <i>t</i>: ano actual</p>							
<p><b>Fonte:</b> IGE, INE, Anuario Estatístico da Caixa</p>							
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <table border="1"> <caption>TAXA DE CRECEMENTO POBOACIONAL "BARCO DE VALDEORRAS"</caption> <thead> <tr> <th>Período (ano)</th> <th>Tasa crecemento poboacional (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2006-2007</td> <td>1,03</td> </tr> <tr> <td>2007-2008</td> <td>0,69</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Período (ano)	Tasa crecemento poboacional (%)	2006-2007	1,03	2007-2008	0,69
Período (ano)	Tasa crecemento poboacional (%)						
2006-2007	1,03						
2007-2008	0,69						

ÁREA DE ESTUDO: POBOACIÓN							
<b>CÓDIGO:</b> 1.2	<b>INDICADOR:</b> ÍNDICE DE DEPENDENCIA XUENIL						
<b>Unidade de Medida:</b> %	<b>Periodicidade de Medida:</b> Anual						
<b>Valor Actual:</b> 31,92	<b>Tendencia desexable:</b> Aumentar (debería ser polo menos do 40%)						
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O índice de dependencia xuvenil relaciona á poboación nova (menor de 20 anos) e á poboación potencialmente activa (entre 20 e 64 anos). Resulta de gran importancia que os resultados que se obteñan deste indicador sexan positivos e que alcancen valores do 40%, xa que isto indicaría que os cidadáns con idades inferiores aos 20 anos supoñen unha importante proporción de poboación e polo tanto nun futuro posiblemente non se produza unha crise demográfica no territorio.</p>							
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $IX (\%) = \frac{\text{Poboación} < 20 \text{ anos}}{\text{Poboación} > 20 \text{ anos e Poboación} < 64 \text{ anos}} \times 100$							
<p><b>Fonte:</b> IGE, INE</p>							
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <table border="1" style="margin: auto;"> <caption>Índice de dependencia xuvenil "Barco de Valdeorras"</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Índice (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2007</td> <td>32,04</td> </tr> <tr> <td>2008</td> <td>31,92</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Índice (%)	2007	32,04	2008	31,92
Ano	Índice (%)						
2007	32,04						
2008	31,92						

ÁREA DE ESTUDO: POBOACIÓN							
<b>CÓDIGO:</b> 1.3	<b>INDICADOR:</b> ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO						
<b>Unidade de Medida:</b> %	<b>Periodicidade de Medida:</b> Anual						
<b>Valor Actual:</b> 84,6	<b>Tendencia desexable:</b> Diminuír						
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este indicador da idea do grao de envellecemento da poboación dun determinado territorio o que permite predecir a necesidade de determinados servizos sociais dentro do mesmo (residencias, centros de día, persoal técnico...). Ademais esta expresión revelará se é preciso poñer en marcha medidas de dinamización para o asentamento de cidadáns en idade activa.</p> <p>Calcúlase obtendo a relación entre a poboación maior de 64 anos e a menor de 20.</p>							
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $IX = \frac{P_{>64}}{P_{<20}} \times 100$							
<p><b>Fonte:</b> IGE, INE</p>							
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p><b>Índice de envellecemento "O Barco de Valdeorras"</b></p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Índice</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2007</td> <td>82,2</td> </tr> <tr> <td>2008</td> <td>84,6</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Índice	2007	82,2	2008	84,6
Ano	Índice						
2007	82,2						
2008	84,6						

ÁREA DE ESTUDO: POBOACIÓN					
<b>CÓDIGO:</b> 1.4	<b>INDICADOR:</b> ÍNDICE DE MASCULINIDADE				
<b>Unidade de Medida:</b> %	<b>Periodicidade de Medida:</b> Anual				
<b>Valor Actual:</b> 49,6	<b>Tendencia desexable:</b> Mantemento				
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este indicador permite coñecer a distribución da poboación por sexo. O resultado desexable é aquel que represente a unha poboación equilibrada. A forma de calculalo é dividindo a poboación masculina entre a total.</p>					
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $Im = \frac{P_m}{P_t} \times 100$ <p>Onde:  <i>P<sub>m</sub></i>: poboación masculina  <i>P<sub>t</sub></i>: poboación total</p>					
<p><b>Fonte:</b> IGE, INE, Anuario Estatístico da Caixa</p>					
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p>Índice de masculinidade "O Barco de Valdeorras"</p> <table border="1"> <caption>Data for the bar chart</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Índice de masculinidade (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2008</td> <td>49,6</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Índice de masculinidade (%)	2008	49,6
Ano	Índice de masculinidade (%)				
2008	49,6				

### 3.2 ÁREA DE BENESTAR E CALIDADE DE VIDA

ÁREA DE ESTUDO: BENESTAR E CALIDADE DE VIDA					
<b>CÓDIGO:</b> 2.1	<b>INDICADOR:</b> TAXA DE POBOACIÓN ACTIVA				
<b>Unidade de Medida:</b> %	<b>Periodicidade de Medida:</b> Bianaual				
<b>Valor Actual:</b> 47,39 (2007)	<b>Tendencia desexable:</b> Aumentar				
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A poboación total está formada pola poboación inactiva e pola activa. Esta última correspóndese co grupo de persoas que se atopan traballando ou buscando emprego.</p> <p>Por tanto este indicador da idea de se nun territorio a estrutura demográfica aporta continxentes suficientes para manter a actividade local e evitar unha crise socioeconómica. Un incremento da poboación inactiva diminuíría o dinamismo da zona e levaría a un debilitamento da mesma.</p> <p>Este indicador calcúlase como o cociente entre a poboación activa maior de 16 anos e a poboación total maior de 16 anos multiplicado por cen.</p>					
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> <p>Onde:</p> $Im = \frac{Pa_{>16}}{Pt_{>16}} \times 100$ <p><i>Pa</i>: poboación activa <i>Pt</i>: total</p>					
<p><b>Fonte:</b> IGE, INE, Caja España</p>					
<p><b>Gráfico:</b></p> <table border="1"> <caption>Taxa de Poboación Activa "O Barco de Valdeorras"</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Taxa (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2007</td> <td>47,39</td> </tr> </tbody> </table>		Ano	Taxa (%)	2007	47,39
Ano	Taxa (%)				
2007	47,39				



ÁREA DE ESTUDO: BENESTAR E CALIDADE DE VIDA									
<b>CÓDIGO:</b> 2.2	<b>INDICADOR:</b> RENDA PER CÁPITA								
<b>Unidade de Medida:</b> €/cápita	<b>Periodicidade de Medida:</b> Quinquenal								
<b>Valor Actual:</b> 108 (2002)	<b>Tendencia desexable:</b> Aumentar								
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A renda per cápita é un indicador imprescindible para levar a cabo unha análise da riqueza dun determinado territorio, dado que permite coñecer as dispoñibilidades económicas dos habitantes e á súa vez comparalas con outros escenarios. Sen embargo, o seu maior inconveniente é que este indicador non aporta información acerca da homoxeneidade na distribución da renda dos cidadáns. É por isto que a pesar de que os lugares con maior renda per cápita acostuman a ter maiores niveis de vida, existen algunhas excepcións. É importante indicar que se toma como valor 100 a renda per cápita media de Galicia</p>									
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Renda per cápita} = \frac{\text{Remuneración dos asalariados} + \text{Excedente Bruto da explotación}}{\text{Renda mixta} + \text{Prestacións sociais} + \text{Impostos} + \text{Cotizacións Sociais} + \text{Outros}}$									
<p><b>Fonte:</b> IGE, INE</p>									
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <table border="1"> <caption>Indicador municipal renda dos fogares O Barco de Valdeorras</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Valor</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2000</td> <td>111</td> </tr> <tr> <td>2001</td> <td>109</td> </tr> <tr> <td>2002</td> <td>108</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Valor	2000	111	2001	109	2002	108
Ano	Valor								
2000	111								
2001	109								
2002	108								

ÁREA DE ESTUDO: BENESTAR E CALIDADE DE VIDA	
<b>CÓDIGO:</b> 2.3	<b>INDICADOR:</b> POBOACIÓN CON RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL
<b>Unidade de Medida:</b> %	<b>Periodicidade de Medida:</b> Quinquenal
<b>Valor Actual:</b>	<b>Tendencia desexable:</b> Diminuír
<p><b>Descrición:</b></p> <p>A poboación con risco de exclusión social é considerada aquela que pertence a algún dos seguintes grupos: internos, ex reclusos, toxicómanos, alcohólicos en proceso de rehabilitación, minorías étnicas, perceptores de renda mínima de inserción, vítimas de violencia doméstica, etc.</p>	
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Poboación en risco de exclusión (\%)} = \frac{\text{Poboación en risco de exclusión social}}{\text{Poboación total}} \times 100$	
<p><b>Fonte:</b> Concello (Servizos Sociais)</p>	
<p><b>Gráfico:</b></p>	

ÁREA DE ESTUDO: BENESTAR E CALIDADE DE VIDA							
<b>CÓDIGO:</b> 2.4	<b>INDICADOR:</b> PORCENTAXE POBOACIÓN INMIGRANTE ESTRANXEIRA						
<b>Unidade de Medida:</b> %	<b>Periodicidade de Medida:</b> Anual						
<b>Valor Actual:</b> 9	<b>Tendencia desexable:</b> Aumentar						
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O obxecto deste indicador será observar a evolución da poboación inmigrante (estranxeira) no municipio co fin de poder servir de base para a creación de políticas de acollida e de asignación de recursos.</p> <p>A tendencia desexable con este indicador varía en función das características do municipio. De todas formas cómpre dicir que en xeral, debido á elevada dependencia e á baixa taxa de poboación activa, a variación debería ser á alza.</p>							
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Poboación inmigrante estranxeira (\%)} = \frac{\text{Poboación inmigrante estranxeira}}{\text{Poboación total}} \times 100$							
<p><b>Fonte:</b> IGE, INE</p>							
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <table border="1"> <caption>Porcentaxe Poboación Estranxeira/ Inmigrante "O Barco de Valdeorras"</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Porcentaxe (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2007</td> <td>8,53</td> </tr> <tr> <td>2008</td> <td>9,00</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Porcentaxe (%)	2007	8,53	2008	9,00
Ano	Porcentaxe (%)						
2007	8,53						
2008	9,00						

ÁREA DE ESTUDO: BENESTAR E CALIDADE DE VIDA					
<b>CÓDIGO:</b> 2.5	<b>INDICADOR:</b> NIVEL DE PARTICIPACIÓN CIDADANA NA AXENDA 21				
<b>Unidade de Medida:</b> ‰	<b>Periodicidade de Medida:</b> Anual				
<b>Valor Actual:</b> 2,8	<b>Tendencia desexable:</b> Aumentar				
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O obxecto deste indicador é avaliar a variación interanual da implicación cidadá nas diferentes actividades de participación da Axenda 21 Local como medida do grao de sensibilización e concienciación da poboación na importancia de ser parte activa da xestión municipal.</p>					
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Nivel de participación cidadá na Axenda 21 (\%)} = \frac{\sum \text{asistentes ás actividades}}{\text{Poboación Total}} \times 1000$					
<b>Fonte:</b> Concello					
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p>The chart displays the percentage of citizen participation in the Agenda 21 for the Barco de Valdeorras in 2008. The vertical axis is labeled '%' and ranges from 0 to 20 in increments of 2. A single blue bar represents the year 2008, with its value explicitly labeled as 2.8.</p> <table border="1"> <caption>Nivel de Participación Cidadá na Axenda 21 "Barco de Valdeorras"</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Nivel de Participación (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2008</td> <td>2,8</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Nivel de Participación (%)	2008	2,8
Ano	Nivel de Participación (%)				
2008	2,8				

ÁREA DE ESTUDO: BENESTAR E CALIDADE DE VIDA					
<b>CÓDIGO:</b> 2.6	<b>INDICADOR:</b> ASOCIACIONISMO				
<b>Unidade de Medida:</b> ‰	<b>Periodicidade de Medida:</b> Quinquenal				
<b>Valor Actual:</b> 1,4	<b>Tendencia desexable:</b> Aumentar				
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este indicador é de grande importancia, sobre todo en Galicia debido á súa baixa taxa de asociacionismo. Considérase imprescindible tanto dende o punto de vista socioeconómico, como ambiental incrementar este indicador xa que induce a mellorar a rendibilidade das actividades económicas, a cooperación entre as persoas ou a calidade de vida da poboación, entre moitos aspectos.</p>					
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Taxa de asociacionismo (\%)} = \frac{\text{N}^\circ \text{ de asociacións}}{\text{Poboación total}} \times 1000$ <p>Ante a dificultade para a obtención da poboación que pertence a algunha asociación na expresión anterior empregárase, ata que a información de partida cambie, o número de asociacións existentes.</p>					
<p><b>Fonte:</b> Concello, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rexistro Xeral de Asociacións)</p>					
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p>The chart shows a single bar for the year 2008 with a value of 1.4%. The y-axis is labeled '%' and ranges from 0 to 20 in increments of 2. The x-axis is labeled with the year 2008.</p> <table border="1"> <caption>Taxa Asociacionismo "O Barco de Valdeorras"</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Taxa Asociacionismo (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2008</td> <td>1,4</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Taxa Asociacionismo (%)	2008	1,4
Ano	Taxa Asociacionismo (%)				
2008	1,4				

### 3.3 ÁREA DE MEDIO ECONÓMICO E LABORAL

ÁREA DE ESTUDO: MEDIO ECONÓMICO E LABORAL					
<b>CÓDIGO:</b> 3.1	<b>INDICADOR:</b> TAXA DE PARO MASCULINO E FEMININO				
<b>Unidade de Medida:</b> %	<b>Periodicidade de Medida:</b> Bianaual				
<b>Valor Actual:</b> 14,64 (2007)	<b>Tendencia desexable:</b> Diminuír				
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este indicador intenta informar sobre a situación económica do municipio e sobre o éxito dos plans de fomento do emprego que poñen en marcha as institucións públicas e que están encamiñados a incrementar a inserción laboral. Ademais ten o obxectivo de amosar, de ser o caso, as diferenzas existentes entre o desemprego feminino e masculino.</p> <p>Defínese como o cociente entre o número de parados (poboación que busca o primeiro emprego + poboación que xa traballou antes) e a poboación activa.</p>					
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Taxa de actividade (\%)} = \frac{\text{Poboación parada}}{\text{Poboación activa}} \times 100$					
<p><b>Fonte:</b> IGE, INE, Caja España</p>					
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p>The chart displays the unemployment rate for O Barco de Valdeorras in 2007. The vertical axis represents the percentage (%), ranging from 0 to 50 in increments of 5. The horizontal axis represents the year, with 2007 marked. A single blue bar reaches the 14.64% mark on the vertical axis.</p> <table border="1"> <caption>Data for Taxa de Paro "O Barco de Valdeorras"</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Taxa de Paro (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2007</td> <td>14,64</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Taxa de Paro (%)	2007	14,64
Ano	Taxa de Paro (%)				
2007	14,64				

ÁREA DE ESTUDO: MEDIO ECONÓMICO E LABORAL											
<b>CÓDIGO:</b> 3.2	<b>INDICADOR:</b> TAXA DE ACTIVIDADE PRODUTIVA										
<b>Unidade de Medida:</b> %	<b>Periodicidade de Medida:</b> Quinquenal										
<b>Valor Actual:</b> Varios	<b>Tendencia desexable:</b> Equilibrio										
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O obxecto deste indicador é avaliar o peso de cada sector produtivo no municipio; é de grande relevancia para predicir, entre outros moitos aspectos, a dependencia local cara unha única actividade económica ou para poñer en marcha proxectos de desenvolvemento do emprego.</p> <p>Obtense calculando a porcentaxe de poboación ocupada por sector de actividade (agricultura, industria, construción e servizos).</p>											
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Taxa de actividade produtiva (\%)} = \frac{\text{Poboación ocupada por sector de actividade}}{\text{Poboación ocupada}} \times 100$											
<p><b>Fonte:</b> IGE, INE, Caja España</p>											
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <table border="1"> <caption>Taxa de Actividade Produtiva "O Barco de Valdeorras" (2007)</caption> <thead> <tr> <th>Sector</th> <th>Porcentaxe (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Agricultura</td> <td>2,76</td> </tr> <tr> <td>Industria</td> <td>24</td> </tr> <tr> <td>Construción</td> <td>13,09</td> </tr> <tr> <td>Servizos</td> <td>60,14</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Sector	Porcentaxe (%)	Agricultura	2,76	Industria	24	Construción	13,09	Servizos	60,14
Sector	Porcentaxe (%)										
Agricultura	2,76										
Industria	24										
Construción	13,09										
Servizos	60,14										

ÁREA DE ESTUDO: MEDIO ECONÓMICO E LABORAL					
<b>CÓDIGO:</b> 3.3	<b>INDICADOR:</b> ÍNDICE DE EMPREGO LOCAL				
<b>Unidade de Medida:</b> %	<b>Periodicidade de Medida:</b> Quinquenal				
<b>Valor Actual:</b> 58 (2001)	<b>Tendencia desexable:</b> Aumentar				
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Constitúeno as persoas que traballan no propio municipio. Este indicador debe aumentar xa que isto, amosaría unha mellora na política de emprego local e unha diminución da mobilidade obrigada da poboación. Desenvolver estes aspectos potencia o incremento da sostibilidade do concello e polo tanto uns maiores beneficios económicos, ambientais e sociais.</p> <p>Este indicador calcúlase a partir dos valores de poboación local que traballa no propio concello e de poboación total ocupada</p>					
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Índice de emprego local (\%)} = \frac{\text{Poboación ocupada local}}{\text{Poboación ocupada total}} \times 100$					
<p><b>Fonte:</b> IGE, INE, Concello</p>					
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p>The chart displays the local employment index for 'O Barco de Valdeorras' in 2001. The vertical axis represents the percentage, ranging from 0 to 100 in increments of 10. A single blue bar for the year 2001 reaches the 58% mark on the axis.</p> <table border="1"> <caption>Data for the Local Employment Index Chart</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Índice de Emprego Local (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2001</td> <td>58</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Índice de Emprego Local (%)	2001	58
Ano	Índice de Emprego Local (%)				
2001	58				

### 3.4 ÁREA DE ESTRUCTURA URBANA

ÁREA DE ESTUDIO: ESTRUCTURA URBANA									
<b>CÓDIGO:</b> 4.1	<b>INDICADOR:</b> UTILIZACIÓN SOSTIBLE DO SOLO								
<b>Unidade de Medida:</b> %	<b>Periodicidade de Medida:</b> Quinquenal								
<b>Valor Actual:</b> 235,41	<b>Tendencia desexable:</b> Mantemento								
<p><b>Descrición:</b></p> <p>O compromiso 5.2 de Aalborg indica expresamente que se debe evitar o crecemento urbano desmesurado, para o que aconsella densidades urbanas apropiadas priorizando o desenvolvemento urbano nas zonas ocupadas e nas non verdes.</p>									
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Crecemento urbano previsto (\%)} = \frac{\text{Area de expansión km}^2}{\text{Area consolidada km}^2} \times 100$									
<p><b>Fonte:</b> Concello</p>									
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p><b>Crecemento Previsto "O Barco de Valdeorras"</b></p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>Categoría</th> <th>Valor (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>%Área expansión</td> <td>8,38</td> </tr> <tr> <td>%Área consolidada</td> <td>3,56</td> </tr> <tr> <td><b>Total</b></td> <td><b>11,94</b></td> </tr> </tbody> </table> </div>		Categoría	Valor (%)	%Área expansión	8,38	%Área consolidada	3,56	<b>Total</b>	<b>11,94</b>
Categoría	Valor (%)								
%Área expansión	8,38								
%Área consolidada	3,56								
<b>Total</b>	<b>11,94</b>								

ÁREA DE ESTUDO: ESTRUCTURA URBANA					
<b>CÓDIGO:</b> 4.2	<b>INDICADOR:</b> SUPERFICIE DE ZONAS VERDES				
<b>Unidade de Medida:</b> m <sup>2</sup> /habitantes	<b>Periodicidade de Medida:</b> Bidual				
<b>Valor Actual:</b> 11,54	<b>Tendencia desexable:</b> Aumentar				
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este indicador permite cuantificar a superficie de zonas verdes existentes no concello á que teñen acceso os cidadáns.</p> <p>Nos núcleos urbanos, as zonas verdes presentan as seguintes funcións: mellora da calidade do aire (filtros naturais de gases tóxicos e partículas en suspensión, termorreguladores), lugar de recreo e lecer ao aire libre (fundamentais no incremento e diversificación das actividades sociais), valor paisaxístico (exercen favorables incidencias na calidade de vida e na habitabilidade dos lugares). A tendencia desexable é que aumente o valor do ratio de zonas verdes por habitante. Na lexislación autonómica recoméndase que este ratio sexa da orde de 5 m<sup>2</sup>/habitante.</p>					
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Superficie de zonas verdes (m}^2\text{/hab.)} = \frac{\text{Total zonas verdes (m}^2\text{)}}{\text{Total poboación}}$					
<p><b>Fonte:</b> Concello, EIEL</p>					
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p>The chart shows a single blue bar representing the value of 11,54 m²/habitante for the year 2008. The vertical axis is labeled 'm²/habitante' and has a scale from 0 to 30 in increments of 5. The horizontal axis is labeled with the year '2008'.</p> <table border="1"> <caption>Data for the bar chart</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Superficie de zonas verdes (m<sup>2</sup>/habitante)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2008</td> <td>11,54</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Superficie de zonas verdes (m <sup>2</sup> /habitante)	2008	11,54
Ano	Superficie de zonas verdes (m <sup>2</sup> /habitante)				
2008	11,54				

ÁREA DE ESTUDO: ESTRUCTURA URBANA					
<b>CÓDIGO:</b> 4.3	<b>INDICADOR:</b> ÍNDICE DE HABITANTES POR VIVENDA				
<b>Unidade de Medida:</b> habitantes/vivenda	<b>Periodicidade de Medida:</b> Bianaual				
<b>Valor Actual:</b> 1,67 (2007)	<b>Tendencia desexable:</b> Aumentar				
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este indicador amosa a evolución da dotación de vivendas no concello en relación coa poboación. Canto maior sexa o índice menor será o número de vivendas libres.</p>					
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Índice de habitantes por vivenda} = \frac{\text{Total poboación municipal}}{\text{n}^\circ \text{ de vivendas familiares}}$					
<p><b>Fonte:</b> IGE, INE</p>					
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p>The chart displays a single blue bar for the year 2007, with a value of 1,67. The vertical axis is labeled 'habitantes/vivenda' and has a scale from 0 to 5 with horizontal grid lines at each integer. The horizontal axis is labeled with the year '2007'.</p> <table border="1"> <caption>Data for the bar chart</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Índice de habitantes por vivenda</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2007</td> <td>1,67</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Índice de habitantes por vivenda	2007	1,67
Ano	Índice de habitantes por vivenda				
2007	1,67				

ÁREA DE ESTUDO: ESTRUCTURA URBANA					
<b>CÓDIGO:</b> 4.4	<b>INDICADOR:</b> VARIACIÓN DO CRECEMENTO URBANÍSTICO EN RELACIÓN CO INCREMENTO POBOACIONAL				
<b>Unidade de Medida:</b> Δpoboacional/ Δvivas	<b>Periodicidade de Medida:</b> de 5-10 anos				
<b>Valor Actual:</b> 0,38 (2003-2007)	<b>Tendencia desexable:</b> Aumentar				
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este indicador permite facer unha aproximación á relación entre o crecemento urbanístico do concello e o seu incremento poboacional. Os concellos con valor 1 supoñen unha nova vivenda por cada novo habitante. Valores inferiores a 1 mostran que a actividade construtiva sobrepasou a previsión de crecemento poboacional.</p>					
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Variación do crecemento urbanístico en relación co incremento poboacional} = \frac{\text{Incremento poboacional}}{\text{Incremento de vivendas}}$					
<p><b>Fonte:</b> Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Concello, IGE</p>					
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p><b>Incremento da poboación e do parque de vivendas "O Barco de Valdeorras"</b></p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>Período</th> <th>Valor</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2003-2007</td> <td>0,38</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Período	Valor	2003-2007	0,38
Período	Valor				
2003-2007	0,38				

ÁREA DE ESTUDO: ESTRUCTURA URBANA							
<b>CÓDIGO:</b> 4.5	<b>INDICADOR:</b> ACCESIBILIDADE SOCIAL Á VIVENDA						
<b>Unidade de Medida:</b> Δpoboacional/ Δvivendas sociais	<b>Periodicidade de Medida:</b> Quinquenal						
<b>Valor Actual:</b> 4,5 (2003-2007)	<b>Tendencia desexable:</b> Diminuír						
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este indicador mostra o ratio de nova poboación por cada nova vivenda de protección oficial prevista para o concello. Na actualidade, o acceso á vivenda, é un dos principais problemas da sociedade debido ao encarecemento da mesma nos últimos anos, etc. de aí, que a tendencia desexable sexa que aumente o ratio de vivendas de protección oficial por novo habitante, no que no caso deste indicador se traduce en que diminúa o número de novos veciños por cada nova vivenda de protección oficial.</p>							
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Variación da vivenda social en relación co incremento poboacional} = \frac{\text{Incremento poboacional}}{\text{Incremento de vivendas sociais}}$							
<p><b>Fonte:</b> Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Concello</p>							
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p><b>Accesibilidade social á vivenda</b> <b>"O Barco de Valdeorras"</b></p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>Categoría</th> <th>Valor</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>variación poboación 2003-2007</td> <td>436</td> </tr> <tr> <td>vivenda social pervista</td> <td>97</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Categoría	Valor	variación poboación 2003-2007	436	vivenda social pervista	97
Categoría	Valor						
variación poboación 2003-2007	436						
vivenda social pervista	97						

### 3.5 ÁREA DE MOBILIDADE E TRANSPORTE

ÁREA DE ESTUDO: MOBILIDADE E TRANSPORTE					
<b>CÓDIGO:</b> 5.1	<b>INDICADOR:</b> DISTRIBUCIÓN DO PARQUE DE VEHÍCULOS				
<b>Unidade de Medida:</b> ‰	<b>Periodicidade de Medida:</b> Bianaual				
<b>Valor Actual:</b> 435	<b>Tendencia desexable:</b> Diminuír				
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este indicador mostra o ratio de turismos por cada 1000 habitantes, o que en certa medida da unha idea da importancia que ten o vehículo privado nos desprazamentos diarios. A tendencia desexable é que se manteña ou diminúa o número de turismos e que aumente a mobilidade en transporte público e a pé.</p>					
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Distribución do parque de vehículos (\%)} = \frac{\text{Total turismos}}{\text{Total poboación}} \times 1000$					
<p><b>Fonte:</b> Dirección Xeral de Tráfico</p>					
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p><b>Distribución do Parque de Vehículos "O Barco de Valdeorras"</b></p> <table border="1"> <caption>Data for the bar chart</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Valor (‰)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2007</td> <td>435</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Valor (‰)	2007	435
Ano	Valor (‰)				
2007	435				

ÁREA DE ESTUDO: MOBILIDADE E TRANSPORTE					
<b>CÓDIGO:</b> 5.2	<b>INDICADOR:</b> TAXA DE ACCIDENTALIDADE RELACIONADA CO TRÁFICO URBANO				
<b>Unidade de Medida:</b> Nº accidentes/Poboación	<b>Periodicidade de Medida:</b> Anual				
<b>Valor Actual:</b> 5,98 (2009*)	<b>Tendencia desexable:</b> Diminuír				
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este indicador amosa a evolución da porcentaxe de accidentes rexistrados cada ano no concello. A tendencia desexada é que coa posta en marcha das medidas derivadas do Plan de Acción (políticas e campañas de educación viaria e mellora da seguridade da rede viaria) se reduza ano tras ano a taxa de accidentes.</p>					
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Taxa de accidentalidade} = \frac{\text{nº de accidentes rexistrados}}{\text{Total poboación}}$ <p>* O resultado do indicador é aproximado dado que o número de accidentes rexistrados considerouse de xaneiro a setembro de 2009 e a poboación de 2008, por non se contar con outros datos.</p>					
<p><b>Fonte:</b> Dirección Xeral de Tráfico; Policía Municipal; Concello</p>					
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p>The chart displays a single blue bar representing the urban traffic-related accident rate for the year 2009. The vertical axis is labeled '%' and ranges from 0 to 10 in increments of 1. The horizontal axis is labeled with the year '2009'. The value '5,98' is printed above the bar.</p> <table border="1"> <caption>Data for Taxa Accidentalidade "Barco de Valdeorras"</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Taxa Accidentalidade (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2009</td> <td>5,98</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Taxa Accidentalidade (%)	2009	5,98
Ano	Taxa Accidentalidade (%)				
2009	5,98				

ÁREA DE ESTUDO: MOBILIDADE E TRANSPORTE					
<b>CÓDIGO:</b> 5.3	<b>INDICADOR:</b> MOBILIDADE LOCAL E TRANSPORTE DE PASAXEIROS				
<b>Unidade de Medida:</b> %	<b>Periodicidade de Medida:</b> 5-10 anos				
<b>Valor Actual:</b> 37,5 (2001)	<b>Tendencia desexable:</b> Aumentar				
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Por medio das enquisas de percepción cidadá ou a través do Censo de Poboación e Vivendas, pódese estimar a porcentaxe de desprazamentos diarios da poboación ocupada nos distintos medios de transporte. A tendencia desexada é que se incremente a mobilidade a pe, en bicicleta e a través do transporte público, en detrimento do vehículo privado.</p>					
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Mobilidade local (\%)} = \frac{\text{n}^{\circ} \text{ de desprazamentos a pé, bicicleta ou en transporte público}}{\text{Total desprazamentos}} \times 100$ <p>As enquisas de percepción cidadá deben realizarse de modo aleatorio e aberto a todo o territorio municipal e deben conterán unha mostra representativa dos diferentes grupos sociais existentes nos concellos tanto por sexos coma por idades, nivel educativo, situación laboral, actividade, ocupación e estado civil, entre outros.</p>					
<p><b>Fonte:</b> Enquisa de percepción cidadá, Censo de Poboación e Vivendas (cada 10 anos)</p>					
<p><b>Gráfico:</b></p> <div style="text-align: center;"> <p>The chart shows a single blue bar representing the local mobility percentage for the year 2001. The vertical axis is labeled '%' and ranges from 0 to 100 in increments of 10. The horizontal axis is labeled '2001'. The value 37,5 is printed above the bar.</p> <table border="1"> <caption>Mobilidade Local "O Barco de Valdeorras"</caption> <thead> <tr> <th>Ano</th> <th>Mobilidade Local (%)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>2001</td> <td>37,5</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Ano	Mobilidade Local (%)	2001	37,5
Ano	Mobilidade Local (%)				
2001	37,5				

ÁREA DE ESTUDO: MOBILIDADE E TRANSPORTE	
<b>CÓDIGO:</b> 5.4	<b>INDICADOR:</b> MODOS DE DESPRAZAMENTOS UTILIZADOS POLOS ESCOLARES ENTRE A CASA E A ESCOLA
<b>Unidade de Medida:</b> %	<b>Periodicidade de Medida:</b> Anual
<b>Valor Actual:</b>	<b>Tendencia desexable:</b> Aumentar
<p><b>Descrición:</b></p> <p>Este indicador amosa a evolución nos tipos de transporte utilizados polos nenos e nenas nos seus desprazamentos entre a casa e a escola. A tendencia desexable é que coas medidas derivadas do Plan de Acción aumente a mobilidade a pé ou en transporte público en detrimento do vehículo privado.</p>	
<p><b>Expresión utilizada para o cálculo do Indicador de Sostibilidade:</b></p> $\text{Modos de desprazamento dos escolares (\%)} = \frac{\text{Escolares que utilizan transporte público}}{\text{Escolares Totales}} \times 100$	
<p><b>Fonte:</b> Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Delegación Provincial); Concello; Centros Educativos</p>	
<p><b>Gráfico:</b></p>	

### 3.6 XESTIÓN SOSTIBLE DAS AUTORIDADES E EMPRESAS LOCAIS

ÁREA DE ESTUDO: XESTIÓN SOSTIBLE DAS AUTORIDADES E EMPRESAS LOCAIS					
<b>CÓDIGO:</b> 6.1	<b>INDICADOR:</b> GASTO MUNICIPAL EN MEDIO AMBIENTE				
